

ARTE DO S.XIX. POSTIMPRESIONISMO

OBRA: O MERCADO (TA MATETE)

AUTOR: Paul **GAUGUIN** (1848-1903)


CRONOLOXÍA: 1892

ESTILO: Postimpresionismo

TÉCNICA: Óleo sobre lenzo

MEDIDAS: 73 cm x 92 cm

LOCALIZACIÓN: Kunstmuseum, Basilea



COMENTARIO

Gauguin comezou a dedicarse tarde á pintura, a partir de 1883. Esta decisión supúxolle pobreza e o abandono da súa muller e fillos. Defraudado do mundo no que vivía e namorado do primitivismo de Bretaña e das noticias que lle chegaban da vida dos habitantes dos Mares do Sur, abandona Francia e viaxa a Tahití en 1891, onde se instalou definitivamente en 1895 ata que a presión das autoridades coloniais obrigáronlle a fuxir ás illas Marquesas. Pretendeu dar unha nova visión do mundo exaltando o exótico e inxenuo de Taihití e o primitivismo de Bretaña. Pretendía transmitir ideas mediante a simplificación da forma, sentido no que é precedente do *Simbolismo*.

A busca de novas formas artísticas que conectaran a súa pintura co primitivo, coa natureza do home, levou a Gauguin a inspirarse nas estampas xaponesas, ao igual que fixera Van Gogh, con cores aplicadas en grandes manchas de tintas planas, pero tamén sente curiosidade pola arte dos pobos africanos, a arte exipcia ou polas toscas tallas das zonas rurais. Esta busca do primitivo, que o home perdeu ao “civilizarse”, foi a causa de que quixera coñecer a civilización polinesia antes de que fose destruída pola colonización francesa e pola cristianización. O pintor esperaba atopar alí o “paraíso orixinal”, a *idade de ouro* anterior á chegada do home europeo, cando as persoas vivían en harmonía coa natureza e cos deuses.

Esta obra pertence á serie de obras que o artista pintou nos Mares do Sur, unha pintura de carácter plana, cun tratamento non realista da cor, e formas definidas por marcados contornos. As obras pintadas por Gauguin en Martinica son paisaxes ideais, con vermellos e verdes brillantes, con figuras humanas, unha imaxe do estado orixinal da natureza que concordaba coa creación dos mitos persoais do artista.

A escena parece estar protagonizada por unhas prostitutas que se ofrecían no mercado de Papeete, polo que é probable que o autor quixese indicar a influencia e o papel negativo da irrupción dos occidentais naqueles Mares do Sur. A composición mostra unha clara influencia da arte exipcia que o autor dicía que era “a arte primitiva máis sabia de todas”. É recoñecible esta influencia nas pernas e cabezas de perfil e tronco de fronte, e tamén nas dúas figuras que se atopan detrás que parecen sacadas dos relevos exipcios.

A composición é aberta cunha figura á nosa dereita incompleta, probable influencia dos encadres da fotografía, empregado con frecuencia polos pintores impresionistas cos que Gauguin establecera vínculos con anterioridade. Na figura da dereita o detallado pareo é influencia da arte xaponesa, presentando tamén dobre perspectiva, xa que por unha banda a figura está frontal no pareo e, por outra, o pé parece captado desde o alto. As figuras apenas teñen volume ou corporeidade, e recórtanse, case planas, sobre o fondo.

A técnica é a que xa empregaba nas súas obras en Bretaña, e que aparece tamén nas figuras de

Van Gogh. Primeiro realiza a silueta ou debuxo da figura, tal como se facía na arte das vidreiras (*cloisonné*) por influencia da arte medieval, e logo enche este contorno de cores fortes, vivas, puras, planas e moitas veces arbitrarias que non responden ao que chamamos realidade. As cores son intensas, planas e sen gradacións; amarelos, laranxas, vermello, azuis ou grises que contrastan co ton terroso dos rostros. Na elección da cor preséntase xa certa arbitrariedade; as cores non teñen que corresponder coa natureza senón coa súa imaxinación como se observa nos troncos das árbores azul-morado, no chan do primeiro plano alaranxado, no ceo do fondo amarelo. Non existe apenas movemento, nin tampouco expresión, pero o primitivismo dos xestos, a paisaxe e as cores transmiten serenidade e frescura fronte a cultura occidental.

Gauguin pretendeu dar unha nova visión do mundo exaltando o exótico e “inxenuo” de Tahití. A partir dese momento, o artista non buscará representar unha realidade, senón interpretala ou incluso creala. En 1892 regresou a Francia e organizou unha exposición para vender os seus lenzos con temas tahitianos, pero os seus cadros non foron comprendidos; non gostaban polas súas brillantes cores, as súas perspectivas planas e os seus temas enigmáticos. Porén, este pintor figura como un precedente de moitos movementos posteriores do S.XX.

Toda arte é unha representación, pero Gauguin entende a arte como liberdade e a cor moitas veces como símbolo, sentido no que inspirou aos *nabis*. Na súa definición dun cadro como unha superficie plana cuberta de cores dispostas en certa orde podemos ver o antecedente do *Fauvismo*. Os seus cadros sen profundidade, case sen perspectiva, dominados pola cor e o debuxo, son capaces de transmitir poesía e símbolos (*Simbolismo*).